



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E
UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA ACTUACIÓNS DE ACCIÓN
HUMANITARIA E DE EMERXENCIA.**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia.

(2) **Antecedentes:** Dende o final da Segunda Guerra mundial, non se vivía a nivel global unha situación humanitaria da gravidade da actual. Tal como advertiron en outubro de 2015 o secretario xeral de Nacións Unidas, Ban Ki-moon, e o presidente do Comité Internacional da Cruz Roja, Peter Maurer, mais de 125 millóns de persoas necesitan de maneira urxente axuda e protección, situación que ten empeorado nos dous últimos anos.

(3) **Finalidade** Co fin de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e UNICEF Comité Español, para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano co fin de paliar o sufrimento das poboacións afectadas e de calquera outras accións que en beneficio destas poboacións se podan impulsar, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por **obxecto** atender as necesidades mais urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, con especial énfase nos colectivos mais vulnerables, mediante a provisión inmediata de infraestruturas e equipos esenciais para a supervivencia (especialmente nas áreas de educación, nutrición, auga, saneamento e hixiene, VIH- SIDA e de protección da infancia) e paliar o sufrimento das



poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás crises humanitarias e emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de oitenta e un mil catrocentos setenta e sete euros (81.477,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.790.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. do 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

